
2.- EMPREGO


... O ESTUDIO DO MERCADO DE TRABALLO na área funcional da Mariña Lucense que se realiza a continuación, está dividido en tres grandes apartados. En primeiro lugar analízase a situación demográfica da área funcional como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do *Padrón Municipal de Habitantes* con referencia ó 1 de xaneiro de 2002 e 2003. Asemade tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicadas polo Instituto Galego de Estatística, como son o *Movemento natural da poboación*, dos anos 2002 e 2003, e o *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, xunto ó *Anuario Social 2004*, publicado por La Caixa.

A continuación consideraremos os datos propios do mercado de traballo recollidos tanto no *Censo de Poboación e*

Vivendas 2001, que contén datos da distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, paro e actividade), como no *Informe comarcal do mercado laboral* do ano 2003 publicado pola Xunta de Galicia.

Finalmente realízase un estudio das medidas activas de emprego, facendo referencia ós programas de mellora da empregabilidade, ás actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, ás actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego e ós programas de cooperación e escolas obradoiro. Para a realización deste terceiro apartado terase en conta a información recollida nas *Medidas activas de emprego*.

G.2.1.



Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

Balace de resultados correspondentes ós anos 2002 e 2003.

Demografía

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación residente na área funcional da Mariña lucense a 1 de xaneiro do ano 2003 ascendía a 75.221 persoas. Comparando co conxunto de Galicia, esta área funcional acolle ó 2,7% do total da poboación galega, mentres que a súa superficie representa o 4,7% da superficie galega total.

No gráfico 2.1., observamos a pirámide de poboación correspondente á área funcional da Mariña lucense, por grupos quinquenais para o ano 2001, o perfil xeral desta pirámide poboacional non ten a forma xeométrica piramidal, a que mostra ás poboacións xoves, con un maior peso na base e con un centro de gravidade moi baixo; pola contra, o perfil da pirámide poboacional da área funcional de A Mariña lucense mostra unha poboación

envellecida onde o número de individuos residentes na área con máis de 80 anos é un 6,7% superior ó número de residentes menores de 9 anos.

No que respecta á análise por sexos e idades, o grupo de homes máis numeroso é o de individuos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos, mentres que no caso das mulleres é o de 65 a 69 anos. Por idades, o número de homes existente na área funcional só é maior ó número de mulleres nas franxas de idade comprendidas entre os 5 e os 24 anos e entre os 45 e os 54 anos.

Atendendo á distribución comarcal, as pirámides poboacionais das tres comarcas que compoñen a área funcional analizada, teñen unha estrutura marcada por un elevado centro de gravidade que demostra unha tendencia de envellecemento da poboación. A comarca da Mariña Central, tal como acontecía na pirámide poboacional do conxunto da área funcional, mostra como a poboación maior de 80 anos da comarca é un 11,4%

superior á poboación menor de 9 anos; por sexos salienta que a franxa de idade cun maior número de homes é a comprendida entre 20 e 24 anos, mentres que no caso das mulleres a franxa de idade con maior poboación é a que comprende a mulleres con idades entre 40 e 44 anos.

No que respecta á comarca da Mariña Occidental, salienta que esta é a única comarca das tres que compoñen a área funcional da Mariña lucense onde o número de individuos con máis de 80 anos é inferior (un 18%) ó número de individuos con menos de 9 anos, sendo as franxas de idade con máis poboación, no caso dos homes a de 20 a 24 anos, e, no caso das mulleres, a comprendida ente 65 e 69 anos.

Finalmente a comarca da Mariña Oriental, presenta como no caso da comarca da Mariña Central e do conxunto da área funcional, unha poboación maior de 80 anos un 39,3% superior á poboación menor de 9 anos, sendo as franxas de idade con maior poboación, no caso dos homes a de 40 a 44 anos, e, no caso das mulleres a de 65 a 69 anos (**anexo I**).

Do **cadro 2.1**, pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que comprende dende o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 2003. Neste período, no conxunto da área funcional obxecto do dictame prodúcese unha redución da poboación de 1.678 individuos, o que supón unha taxa de redución do 2,18%. A redución no volume de poboación no período sinalado é común ás tres comarcas que compoñen a área funcional,

tendo a maior taxa de redución da poboación a comarca da Mariña Oriental co 2,51% de poboación menos no período sinalado.

Por outra banda, é importante ter en conta as diferencias existentes tanto entre comarcas como a nivel municipal, en canto ás densidades de poboación. Tendo en conta que a densidade de poboación media de Galicia para o ano 2003 é de 93,1 hab/km² e, a da provincia de Lugo de 36,6 hab/km², dentro da área funcional da Mariña lucense a comarca cunha maior densidade de poboación é a da Mariña Central con 60,4 hab/km², seguida da comarca da Mariña Occidental con 56 hab/km², e, finalmente, a comarca da Mariña Oriental con 43,2 hab/km²; as tres comarcas que comprender a área funcional están por debaixo da densidade media galega e por encima da densidade de poboación media da provincia de Lugo, así mesmo nas tres comarca sufriron unha redución da súa densidade de poboación no período 1996-2003, provocada pola diminución, xa sinalada, da súa poboación no citado período. A nivel municipal, en canto á densidade de poboación, destacan os concellos de Burela (1.060,8 hab/km²) e Viveiro (140,7 hab/km²).

No que respecta á porcentaxe de poboación que representa cada comarca dentro da área funcional, destacar a comarca da Mariña Central co 40,3% da poboación da área funcional e o 8,4% da poboación total da provincia de Lugo, sendo estas porcentaxes para as comarcas da Mariña Occidental e Oriental as seguintes, 36,8% e 23% respectivamente sobre o total de poboación da área funcional e o

2.1.

Poboación 1996-2003: principais datos

	Padrón 1996		Renovación padrón 2000		Poboación 2002		Poboación 2003		Variación poboación 1996-2003		Taxa incremento poboación 1996-2003 (%)		Densidade poboación 1996	Densidade poboación 2003
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Área funcional da Mariña Lucense	76.899	74.420	79.378	76.185	73.634	78.736	75.221	75.221	-1.678	-2,18	55,1	53,9		
Comarca da Mariña Central	30.975	14.970	16.005	30.494	14.682	15.812	30.323	30.286	-689	-2,22	61,8	60,4		
Añoaz	2.553	1.241	1.312	2.462	1.191	1.271	2.398	2.348	-285	-8,03	32,9	30,3		
Burela	7.925	3.939	3.986	6.045	3.972	4.073	8.176	8.380	485	5,74	1.005,8	1.060,8		
Foz	9.516	4.554	4.962	9.558	4.545	5.013	9.612	9.591	75	0,79	94,9	95,6		
Loreña	2.980	1.444	1.536	2.849	1.376	1.473	2.779	2.730	-250	-8,39	47,6	43,6		
Mondrêdo	5.388	2.502	2.886	5.135	2.379	2.756	4.987	4.909	-489	-9,06	37,8	34,4		
Valadouro	2.603	1.290	1.313	2.445	1.219	1.226	2.371	2.328	-275	-10,56	23,6	21,1		
Comarca da Mariña Occidental	28.192	13.813	14.379	28.136	13.766	14.370	27.853	27.648	-544	-1,93	57,1	56,0		
Cervo	5.143	2.584	2.559	5.062	2.543	2.539	5.016	5.060	-63	-1,61	66,2	65,1		
Ouro	1.663	803	860	1.577	770	807	1.465	1.407	-286	-15,39	11,7	9,9		
O Vicedo	2.564	1.247	1.317	2.392	1.178	1.214	2.303	2.228	-336	-13,10	33,9	29,4		
Viveiro	15.209	7.362	7.847	15.456	7.468	7.988	15.444	15.379	170	1,12	139,1	140,7		
Xove	3.613	1.817	1.796	3.629	1.807	1.822	3.625	3.574	-39	-1,08	40,6	40,2		
Comarca da Mariña Oriental	17.732	8.427	9.305	17.555	8.369	9.186	17.397	17.287	-445	-2,51	44,4	43,2		
Barreiros	3.574	1.710	1.864	3.446	1.662	1.784	3.323	3.221	-251	-7,02	49,4	45,9		
A Fontenova	3.528	1.722	1.806	3.389	1.658	1.731	3.261	3.199	-329	-9,33	26,0	23,6		
Ribadeo	8.813	4.125	4.688	9.034	4.231	4.803	9.163	9.186	373	4,23	80,9	84,4		
Trabada	1.817	870	947	1.686	818	868	1.616	1.579	-238	-13,10	22,0	19,1		
Provincia Lugo	370.303	180.550	189.753	365.619	177.594	188.025	361.782	360.512	-9.791	-2,64	37,7	36,6		
Galicia	2.742.622	1.320.347	1.422.275	2.731.900	1.312.391	1.419.509	2.737.370	2.751.094	8.472	0,31	92,9	93,1		
Área funcional / Provincia	20,8	41,2	41,8	20,8	41,5	41,9	20,9	20,9						
Área funcional / Galicia	2,8	5,6	5,6	2,8	5,6	5,5	2,8	2,7						

Fonte: /GE

7,7% e 4,8% sobre o total de poboación da provincia de Lugo.

En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o **saldo vexetativo**, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, existen datos do movemento natural da poboación para os anos 2001 e 2002 no **cadro 2.2.**, onde a nota común ás tres comarcas que compoñen a área funcional, é a existencia dun maior número de defuncións que de nacementos, así como a redución no período 2001-2002 do saldo vexetativo negativo.

No conxunto da área funcional da Mariña Lucense rexistráronse no ano 2002 un total de 423 nacementos, un 5,4% máis que no ano anterior, e 967 defuncións un 2,9% menos que no ano 2001, pasando o saldo vexetativo de -595 no ano 2001 a -544 no ano 2002. Comparando co conxunto de Galicia, na área funcional obxecto de análise concéntranse o 2,2% dos nacementos galegos no ano 2002 e o 3,4% das defuncións.

No ano 2002 na comarca da Mariña Central rexistráronse un total de 171 nacementos, un 5,3% máis que no ano anterior, e 405 defuncións, un 2,9% menos que no ano 2001, pasando o saldo vexetativo de -250 no ano 2001 a -234 no ano 2002. No que respecta á comarca da Mariña Occidental, no ano 2002 rexistráronse un total de 151 nacementos, un 1,3% menos que no ano anterior, e 323 defuncións, un 3,7% menos que no ano anterior, pasando o saldo vexetativo de -182 no ano 2001 a -172 no ano 2002. Finalmente, na comarca da Mariña Oriental

no ano 2002 rexistráronse 101 nacementos, un 15,8% máis que no ano anterior e 239 defuncións, un 3,8% menos que no ano 2001, pasando o saldo vexetativo de -163 no ano 2001 a -138 no ano 2002.

A nivel municipal cabe salientar que o único concello que presenta saldo vexetativo positivo, dos 15 que compoñen a área funcional, tanto no ano 2001 como no ano 2002, é o concello de Burela. Por outra banda, tódolos concellos da área funcional no período citado, reducen o seu saldo vexetativo negativo agás os concellos de Alfoz e O Vicedo, onde se incrementa o saldo vexetativo negativo nun 16,7% e 65,5% respectivamente.

Atendendo ó **cadro 2.3.**, e tendo en conta que como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello, existen agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha unidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica, existen na área funcional un total de 125 entidades colectivas de poboación, e 1.739 entidades singulares de poboación. Comparando estas cifras coas obtidas do Censo de 1991, constátase que no conxunto da área funcional increméntase o número de entidades singulares de poboación, pasando de 1.461 en 1991 a 1.739 no ano 2001, un 19% máis; no que respecta ás entidades colectivas de poboación, estas pasan de 128 en 1991 a 125 no ano 2001, o que supón unha redución do 2,3%. Dende un punto de vista comarcal, nas tres comarcas que compoñen a área funcional, se produce un incremento do número de entidades singulares de pobo-

2.2.

Movement natural da poboación 2001-02 (1)

	2001			2002			2002-01		
	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo
Área funcional da Mariña Lucense	400	995	-595	423	967	-544	5,4	-2,9	-9,4
Comarca da Mariña Central									
Alfoz	162	412	-250	171	405	-234	5,3	-1,7	-6,8
Burela	8	23	-15	10	28	-18	20,0	17,9	16,7
Foz	61	57	4	66	62	4	7,6	8,1	0,0
Lorenzá	54	132	-78	61	123	-62	11,5	-7,3	-25,8
Mondido	9	43	-34	12	42	-30	25,0	-2,4	-13,3
Valadouro	24	120	-96	17	108	-91	-41,2	-11,1	-5,5
	6	37	-31	5	42	-37	-20,0	11,9	16,2
Comarca da Mariña Occidental									
Cervo	153	335	-182	151	323	-172	-1,3	-3,7	-5,8
Ourense	23	44	-21	21	40	-19	-9,5	-10,0	-10,5
O Vicedo	-	34	-34	4	24	-20	100,0	-41,7	-70,0
Viveiro	12	22	-10	4	33	-29	-200,0	33,3	65,5
Xove	100	195	-95	105	192	-87	4,8	-1,6	-9,2
	18	40	-22	17	34	-17	-5,9	-17,6	-29,4
Comarca da Mariña Oriental									
Barreiros	85	248	-163	101	239	-138	15,8	-3,8	-18,1
A Pontenova	10	42	-32	14	43	-29	28,6	2,3	-10,3
Ribadeo	9	58	-49	11	54	-43	18,2	-7,4	-14,0
Trabada	64	126	-62	65	114	-49	1,5	-10,5	-26,5
	2	22	-20	11	28	-17	81,8	21,4	-17,6
Provincia Lugo	1.914	4.953	-3.039	1.905	4.836	-2.931	-0,5	-2,4	-3,7
Galicia	19.361	28.300	-8.939	19.216	28.009	-8.793	-0,8	-1,0	-1,7

(1) Os datos para o ano 2002 son provisionais.
Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación

2.3.

Entidades singulares e colectivas de poboación 1991-2001 ⁽¹⁾

	1991		2001		2001-1991	
	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares	Entidades colectivas
	(%)					
Area funcional da Mariña Lucense	1.461	128	1.739	125	19,0	-2,3
Comarca da Mariña Central	507	47	588	46	16,0	-2,1
Alfoz	128	9	153	9	19,5	0,0
Burela (2)	-	-	1	-	100,0	0,0
Foz	29	9	60	9	106,9	0,0
Lourenzá	90	4	89	4	-1,1	0,0
Mondoñedo	90	15	103	14	14,4	-6,7
Valadouro	170	10	182	10	7,1	0,0
Comarca da Mariña Occidental	598	42	735	40	22,9	-4,8
Cervo	21	7	65	6	209,5	-14,3
Ouro	192	8	229	8	19,3	0,0
O Vicedo	100	7	117	7	17,0	0,0
Viveiro	225	12	244	11	8,4	-8,3
Xove	60	8	80	8	33,3	0,0
Comarca da Mariña Oriental	356	39	416	39	16,9	0,0
Barreiros	38	8	92	8	142,1	0,0
A Pontenova	67	11	67	11	0,0	0,0
Ribadeo	136	12	135	12	-0,7	0,0
Trabada	115	8	122	8	6,1	0,0
Provincia Lugo	9.161	1.271	9.750	1.264	6,4	-0,6
Area funcional / Provincia (%)	15,9	10,1	17,8	9,9		

(1) Segundo o Glosario terminolóxico do INE, como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen, nalgúns rexións, agrupacións de entidades singulares, parroquias, irmandades e outras, que conforman unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica

(2) O concello de Burela creouse por segregación do concello de Cervo o 16 de decembro de 1994

Fonte: INE

ación, e no que respecta ás entidades colectivas de poboación redúcense nas comarcas de a Mariña Central e Occidental, mentres que se manteñen inalteradas na comarca da Mariña Oriental, no período de dez anos sinalado.

Seguindo coa análise poboacional, resulta de interese estudar a dispersión ou concentración da poboación dentro da área funcional, en canto ós seus efectos socioeconómicos. Ó non existir na literatura un indicador claro deste fenómeno, e por dispoñer só de datos desagregados ata o nivel municipal, óptase por recoller a poboación residente en núcleos de menos de 2.000 habitantes, entre 2.000 e 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000 habitantes e de máis de 10.000 habitantes.

O **cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos a un de xaneiro do ano 2003, de pobo-

ación residente nos 15 concellos que compoñen a área funcional, agrupada a nivel comarcal nas franxas de habitantes antes sinaladas.

No conxunto da área funcional a porcentaxe de poboación residente en concellos de menos de 2.000 habitantes é do 4,3% da poboación total da área funcional (3.263 persoas), que supoñen, ó mesmo tempo, o 11,5% da poboación total residente en concellos de menos de 2.000 habitantes da provincia de Lugo. A nivel comarcal, destacar que o 9,6% da poboación da comarca da Mariña Oriental reside no concello de Trabada, o único, xunto con Ouro, de menos de 2.000 habitantes dos 15 que compoñen a área funcional.

No que respecta á poboación residente en concellos entre 2.000 e 5.000 habitantes, o 27% da poboación total da área


2.4.

Poboación nos concellos: distribución segundo tramos de número de habitantes

	< 2.000 hab	2.000 > hab > 5.000	5.000 > hab > 10.000	> 10.000 hab	Total
Comarca da Mariña Central	-	7.756	22.738	-	30.494
Alfoz	-	2.462	-	-	-
Burela	-	-	8.045	-	-
Foz	-	-	9.558	-	-
Lourenzá	-	2.849	-	-	-
Mondoñedo	-	-	5.135	-	-
Valadouro	-	2.445	-	-	-
Comarca da Mariña Occidental	1.577	6.021	5.082	15.456	28.136
Cervo	-	-	5.082	-	-
Ouro	1.577	-	-	-	-
O Vicedo	-	2.392	-	-	-
Viveiro	-	-	-	15.456	-
Xove	-	3.629	-	-	-
Comarca da Mariña Oriental	1.686	6.835	9.034	-	17.555
Barreiros	-	3.446	-	-	-
A Pontenova	-	3.389	-	-	-
Ribadeo	-	-	9.034	-	-
Trabada	1.686	-	-	-	-
Área funcional Mariña Lucense	3.263	20.612	36.854	15.456	76.185
Provincia Lugo	28.386	112.616	64.523	154.987	360.512
Área funcional/ provincia (%)	11,5	18,3	57,1	10,0	21,1

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes 2003

G.2.2.



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes 2003

funcional reside en concellos comprendidos nesta franxa de habitantes. A porcentaxe de residentes nesta franxa na comarca da Mariña Central é do 25,4% da poboación total, na Mariña Occidental é do 21,4% da poboación total, e na comarca da Mariña Oriental, do 38,9% do total da poboación comarcal.

En relación á poboación residente en concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes, a media da área funcional sitúase no 48,4% da poboación total. As porcentaxes de residentes nos concellos incluídos nesta franxa de poboación nas tres comarcas da área funcional son as seguintes, na Mariña Central o 74,6% da poboación

2.5.

Movements migratorios a 1 de xaneiro de 2003

	Inmigración interior	Inmigración exterior	Emigración interior	Saldo migratorio	Taxa migración (%)
Comarca da Mariña Central	689	95	603	181	5,94
Alfoz	25	-	25	-	-
Burela	215	46	205	56	6,91
Foz	208	23	230	1	0,10
Lourenzá	24	15	43	-4	-1,42
Mondoñedo	79	9	68	20	3,96
Valadouro	138	2	32	108	2,09
Comarca da Mariña Occidental	542	30	565	7	0,25
Cervo	89	2	111	-20	-3,96
Ouro	14	2	39	-23	-14,97
O Vicedo	29	9	53	-15	-6,41
Viveiro	318	15	282	51	3,30
Xove	92	2	80	14	3,85
Comarca da Mariña Oriental	353	44	304	93	5,32
Barreiros	65	6	61	10	2,97
A Pontenova	25	4	58	-29	-8,64
Ribadeo	238	33	161	110	12,07
Trabada	25	1	24	2	1,22
Área funcional A Mariña	1.584	169	1.472	281	3,70
Provincia Lugo	6.249	621	6.561	309	0,85
Área funcional/ provincia (%)	25,3	27,2	22,4	90,9	

Fonte: La Caixa, Anuario Social

total, na Mariña Occidental o 18% da poboación total, e, finalmente, a comarca da Mariña Oriental ten o 51,5% da súa poboación total no concello de Ribadeo, ó único dentro da comarca incluído nesta franxa de poboación.

Por último, a poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes na área funcional analizada supón o 20,3% da poboación total da área funcional, esta porcentaxe de poboación está concentrada no concello de Viveiro, sendo este o único concello da área funcional con máis de 10.000 habitantes. O concello de Viveiro concentra, o mesmo tempo, o 55% da poboación total residente na comarca da Mariña Occidental.

Como complemento do anteriormente citado, o **gráfico 2.2.** amosa dun xeito sinxelo a concentración da poboación, podéndose observar con claridade as características e trazos anteriormente comentados.

Á hora de analiza-los **movements migratorios** dentro da área funcional da Mariña lucense, pódense distinguir catro formas de conceptualiza-lo fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 2.5.** recolle datos a nivel municipal a excepción da emigración exterior (baixas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran como consecuencia da saída de residentes para o estranxeiro).

No que respecta á inmigración interior, compútanse as altas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran nos concellos como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos do territorio español, neste senso na área funcional da Mariña lucense a 1 de xaneiro de 2003 rexistráranse 1.584 altas con esas características, a nivel municipal, observamos como os concellos con maior poboación son os que reciben un maior volume de inmigra-

ción interior, destacando os concellos de Viveiro, Ribadeo, Burela e Foz con 318, 238, 215 e 208 altas respectivamente. Sen embargo son tamén estes concellos os que presentan un maior volume de emigración interior (saídas de residentes cara a outros concellos da xeografía española), neste senso, os concellos de Burela, Viveiro e Ribadeo presentan saldos positivos xa que o volume de emigración interior é menor que o de inmigración interior, con saldos respectivamente de 10, 33 e 77 individuos; pola contra, o concello de Foz presenta un saldo negativo de 22 individuos.

En relación á inmigración exterior –altas no Padrón de Habitantes como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro– o conxunto da área funcional acolleu no ano 2002 a 169 novos estranxeiros, destacando a comarca da Mariña Central, onde se empadroaron o 56% dos novos inmigrantes. A nivel municipal os concellos de Burela (46 altas), Ribadeo (33 altas), Foz (23 altas) e Viveiro (15 altas), son os que reciben un maior volume de inmigración exterior. En xeral, no citado ano, a área funcional da Mariña lucense recibiu o 27,2% da poboación inmigrante estranxeira total da provincia de Lugo.

Unha vez analizados estes indicadores, obsérvase como o saldo migratorio, é dicir, o resultado de restar ós dous tipos de inmigración (interior e exterior) a emigración interior, este saldo é positivo tanto para o conxunto da área funcional como para as tres comarcas que a compoñen. Neste senso, a comarca da Mariña Central presenta un saldo positivo de 181

individuos, gracias, fundamentalmente, ó elevado saldo positivo do concello de Valadouro (108 individuos) e Burela (56 individuos); a comarca da Mariña Occidental presenta un saldo positivo de 7 individuos, gracias a que os saldos positivos dos concellos de Viveiro (51 individuos) e Xove (14 individuos), compensan os saldos negativos acadados polos concellos de Cervo, Orol e O Vicedo; finalmente, a comarca da Mariña Oriental presenta un saldo positivo de 93 individuos, baseado no saldo positivo do concello de Ribadeo (110 individuos) que compensa o saldo negativo do concello de A Ponte-nova (29 individuos).

Finalmente, os escasos datos estatísticos a nivel municipal sobre a emigración externa ao estranxeiro só permiten afirmar que ao longo do ano 2002 na área funcional da Mariña lucense producíronse 30 baixas no Padrón municipal de habitantes de persoas que emigraron ao estranxeiro, das que 12 pertencen á comarca da Mariña Occidental, 10 á Mariña Oriental e 8 á Mariña Central.

Co obxecto de complementalos datos anteriores, o **cadro 2.6.** describe a distribución da poboación segundo o seu lugar de nacemento.

En relación á porcentaxe de residentes nados no mesmo concello, a media galega a un de xaneiro de 2003, sitúase no 63% da poboación, e a media da provincia de Lugo no 67,2%; dentro da área funcional da Mariña, dez dos quince concellos que integran a citada área están por encima da porcentaxe media da provincia de Lugo e doce por encima da porcentaxe

2.6.

Poboación: distribución segundo o lugar do nacemento a 1 de xaneiro de 2003

	Nados mesmo municipio	Nados noutro municipio da súa provincia	Nados noutro municipio da súa CA (%)	Nados noutros CCAA	Nados país estranxeiro
Comarca da Mariña Central					
Alfoz	80,7	16,1	0,6	1,5	1,1
Burela	35,7	41,5	6,7	11,9	4,2
Foz	63,0	20,9	3,1	9,3	3,7
Lourenzá	74,0	19,7	1,0	3,0	2,3
Mondoñedo	79,2	13,7	2,0	3,1	2,0
Valadouro	76,3	17,5	1,5	2,3	2,4
Comarca da Mariña Occidental					
Cervo	54,0	20,6	7,0	15,8	2,6
Ouro	76,4	16,0	2,7	2,1	2,8
O Vicedo	82,1	7,8	5,9	1,3	3,0
Viveiro	63,4	19,6	7,4	5,3	4,3
Xove	69,7	17,9	4,2	5,5	2,7
Comarca da Mariña Oriental					
Barreiros	71,8	19,1	1,9	4,9	2,3
A Pontenova	88,9	5,9	0,7	3,5	0,9
Ribadeo	59,7	17,4	3,2	16,8	3,0
Trabada	76,9	10,9	0,6	9,5	2,0
Provincia Lugo	67,2	20,4	4,2	5,3	3,0
Total C. A. Galicia	63,0	21,6	6,4	4,6	4,5
Total España	48,2	24,6	3,7	17,3	6,2

Fonte: La Caixa, Anuario Social

media de Galicia, só os concellos de Burela (35,7%), Cervo (54%) e Ribadeo (59,7%), teñen porcentaxes de nados no mesmo concello de residencia menores á porcentaxe media de Galicia, incluso, no caso do concello de Burela por debaixo da porcentaxe media estatal que se sitúa no 48,2%.

A porcentaxe media de residentes nados noutros municipios pertencentes á mesma provincia, é, no caso de Galicia, do 21,6%, e no caso da provincia de Lugo do 20,4% da súa poboación; dos quince concellos pertencentes á área funcional doce están por debaixo da porcentaxe media galega e trece por debaixo da porcentaxe media da provincia de Lugo, só o concello de Burela co 41,5% da súa poboación nada noutro municipio da mesma provincia está por riba das porcentaxes medias de Galicia e de España, situada esta última no 24,6%.

En relación á porcentaxe media de

residentes nados noutras Comunidades Autónomas, a media para Galicia é do 4,6% da poboación total, sendo a media para a provincia de Lugo do 5,3%; dentro da área funcional destacan os concellos de Ribadeo, Burela e Foz, co 16,8%, o 11,9% e co 9,3% das súas respectivas poboacións totais nadas noutras Comunidades Autónomas. Finalmente, no que respecta ós residentes nados noutro país estranxeiro, a media galega sitúase no 4,5% da poboación total; dos 15 concellos que compoñen a área funcional ningún iguala a media galega de residentes nados nun país estranxeiro.

Mercado de traballo

A análise do mercado de traballo realízase a partir da información recollida no *Censo de Poboación e Vivendas 2001* publicado polo IGE, así como do Informe comarcal do mercado laboral da Xunta de Galicia. En primeiro lugar preséntanse os datos da taxa de actividade, taxa de ocu-

2.7.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica

	A Mariña Lucense			Lugo	Galicia	
	Total	Mariña Central	Mariña Occidental			Mariña Oriental
Poboación maior de 16 anos	65.722	26.420	23.907	15.395	315.361	2.335.614
Poboación Activa	31.248	12.780	11.163	7.305	151.188	1.160.521
Pob. ocupada	28.174	11.698	9.845	6.631	135.027	1.014.566
Pob. parada	3.074	1.082	1.318	674	16.161	145.955
Na procura do 1º emprego	756	287	345	124	3.899	32.450
Xa traballou antes	2.318	795	973	550	12.262	113.505
Poboación Inactiva	34.474	13.640	12.744	8.090	164.143	1.175.093
Xubilado	17.420	7.119	5.750	4.551	85.722	477.892
Pensionista	3.237	1.118	1.260	859	20.144	146.162
Estudiante	5.758	2.340	2.260	1.158	24.913	213.450
Tarefas fogar	6.951	2.748	2.923	1.280	27.958	278.391
Outras	1.108	315	551	242	5.406	59.198

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

2.8.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Homes

	Área A Mariña Lucense			Lugo	Galicia	
	Total	A Mariña Central	A Mariña Occidental			A Mariña Oriental
Poboación maior de 16 anos	31.560	12.717	11.590	7.253	152.058	1.112.041
Poboación Activa	18.761	7.742	6.867	4.152	87.559	681.501
Pob. ocupada	17.490	7.262	6.324	3.904	79.717	614.324
Pob. parada	1.271	480	543	248	7.842	67.177
Na procura do 1º emprego	258	100	117	41	1.491	12.092
Xa traballou antes	1.013	380	426	207	6.351	55.085
Poboación Inactiva	12.799	4.975	4.723	3.101	64.499	430.540
Xubilado	8.657	3.406	3.027	2.224	44.297	259.526
Pensionista	985	389	346	250	5.867	40.362
Estudiante	2.582	1.013	1.074	495	10.876	95.773
Tarefas fogar	60	16	19	25	645	5.737
Outras	515	151	257	107	2.814	29.142

Mulleres

	Área A Mariña Lucense			Lugo	Galicia	
	Total	A Mariña Central	A Mariña Occidental			A Mariña Oriental
Poboación maior de 16 anos	34.162	13.703	12.317	8.142	163.303	1.223.573
Poboación Activa	12.487	5.038	4.296	3.153	63.629	479.020
Pob. ocupada	10.684	4.436	3.521	2.727	55.310	400.242
Pob. parada	1.803	602	775	426	8.319	78.778
Na procura do 1º emprego	498	187	228	83	2.408	20.358
Xa traballou antes	1.305	415	547	343	5.911	58.420
Poboación Inactiva	21.675	8.665	8.021	4.989	99.674	744.553
Xubilado	8.763	3.713	2.723	2.327	41.277	218.366
Pensionista	2.252	729	914	609	14.277	105.800
Estudiante	3.176	1.327	1.186	663	14.067	117.677
Tarefas fogar	6.891	2.732	2.904	1.255	27.313	272.654
Outras	593	164	294	135	2.592	30.056

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

pación e poboación ocupada e taxa de paro correspondentes ó ano 2001, para posteriormente analiza-los datos do desemprego rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2001 e 2002.

• *Actividade e ocupación*

Atendendo ós datos do *Censo de Poboación e Vivendas de 2001* a poboación en vivendas familiares maior de 16 anos na área da Mariña Lucense ascendeu a 65.722, (o 20,8% do total da provincia de Lugo e o 2,8% do total galego), das que 34.162 persoas eran mulleres (o 2,8% da poboación galega feminina de 16 e máis anos en vivendas familiares) e 31.560 persoas eran homes (o 2,8% da poboación galega masculina de 16 e máis anos en vivendas familiares).

A **poboación activa** na área funcional da Mariña lucense, ascendeu no ano 2001 a 31.248 persoas, das que 28.174 están ocupadas e 3.074 son persoas desempregadas (**cadro 2.7.**). Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 2.8.** amosa que o 62,1% da poboación ocupada total da área funcional son homes, sendo esta porcentaxe do 41,3% no caso da poboación parada.

Tendo en conta a relación entre a poboación activa e ocupada coa poboación maior de 16 anos, así como a relación entre a poboación parada e a activa, o **cadro 2.9.** reflicte, por unha banda que no caso da área funcional da Mariña lucense, as taxas de actividade, ocupación e paro son inferiores ás rexistradas para o conxunto de Galicia agás no que respecta á

taxa de ocupación masculina que na área funcional é dúas décimas superior á taxa media galega. Por outra banda, atendendo á distribución segundo sexo, ó igual que para o conxunto de Galicia, dentro da área funcional existe unha diferenza entre as taxas de ocupación e actividade masculina e feminina entorno ós vinte puntos, sendo a taxa de desemprego 7,6 puntos porcentuais superior no caso das mulleres.

No que respecta á **poboación ocupada**, os **cadros 2.8.** a **2.10.** amosan que dos 28.174 ocupados na área funcional da Mariña, 17.490 persoas son homes (o 62%), e 10.684 son mulleres (o 38%). Atendendo á distribución sectorial das persoas ocupadas dentro da área funcional, destacar que o 49,3% das persoas ocupadas na Mariña traballan no sector servicios (13.884 ocupados), fronte a un 18,5% no sector industrial (5.226 persoas), a un 13,8% no subsector agrícola (3.888 ocupados), a un 11,7% no sector da construción (3.294 ocupados) e finalmente un 6,7% no sector pesqueiro (1.882 persoas).

Comparando co total galego, cómpre salienta-la elevada importancia relativa dos sectores agrícola e pesqueiro (13,8% e 6,7% fronte ós 7,5% e 3,3% de peso relativo na economía galega), e o menor peso relativo do sector servicios (49,3% fronte ó 58,2% en Galicia). Asemade a ocupación nos sectores industrial e construción presentan na área funcional uns pesos porcentuais lixeiramente inferiores ós existentes no conxunto da economía galega.

Atendendo á distribución comarcal,

2.9.

Taxas de actividade, ocupación e paro 2001: distribución segundo sexo

	Total			Homnes			Mulleres		
	Taxa de actividade (%)	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro (%)	Taxa de actividade (%)	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro (%)	Taxa de actividade (%)	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro (%)
Comarca da Mariña Central									
Alfoz	48,4	44,3	8,5	60,9	57,1	6,2	36,8	32,4	11,9
Burela	40,9	36,8	10,0	53,7	48,9	8,8	29,0	25,5	12,1
Foz	55,1	51,1	7,3	69,9	66,0	5,6	40,7	36,6	10,1
Lourenzá	47,7	42,6	10,8	61,8	57,3	7,3	35,0	29,2	16,5
Mondedego	45,9	42,8	6,8	55,4	52,8	4,8	36,9	33,4	9,6
Valadouro	44,2	40,7	7,9	53,1	50,3	5,2	36,5	32,3	11,3
	48,5	45,9	5,3	57,4	54,4	5,3	40,0	37,8	5,5
Comarca da Mariña Occidental									
Cervo	46,7	41,2	11,8	59,2	54,6	7,9	34,9	28,6	18,0
Ourense	49,0	43,1	12,0	61,3	56,3	8,1	36,9	30,1	18,5
Ourense	37,8	32,8	13,1	44,7	38,9	12,8	31,5	27,2	13,5
O Vicedo	41,4	36,3	12,3	50,8	47,0	7,5	32,4	26,1	19,6
Viveiro	47,8	41,9	12,4	62,1	57,1	8,0	34,6	27,9	19,5
Xove	46,1	42,3	8,4	56,2	52,9	5,8	36,3	31,8	12,3
Comarca da Mariña Oriental									
Barral	47,5	43,1	9,2	57,2	53,8	6,0	36,7	33,5	13,5
Barro	45,9	41,6	9,4	55,3	51,7	6,6	37,4	32,5	13,0
A Pontenova	43,2	41,2	4,7	53,2	50,8	4,4	33,9	32,1	5,1
Ribadeo	49,8	44,3	11,2	59,8	55,9	6,5	41,2	34,1	17,1
Trabada	46,4	43,6	6,0	56,2	53,5	4,9	37,6	34,8	7,6
Total área funcional A Mariña	47,5	42,9	9,8	59,4	55,4	6,8	36,6	31,3	14,4
Lugo	47,9	42,8	10,7	57,6	52,4	9,0	39,0	33,9	13,1
Galicia	49,7	43,4	12,6	61,3	55,2	9,9	39,1	32,7	16,4

Fonte: /GE

2.10.

Poboación ocupada en vivendas familiares 2001: distribución segundo sector e situación profesional

	Área A Mariña Lucense			Lugo	Galicia	
	Total	A Mariña Central	A Mariña Occidental			A Mariña Oriental
Poboación ocupada	28.174	11.698	9.845	6.631	135.027	1.014.566
Agricultura	3.888	1.617	849	1.422	29.254	76.187
Pesca	1.882	802	977	103	2.030	34.009
Industria	5.226	2.267	2.108	851	17.410	190.663
Construcción	3.294	1.425	1.029	840	14.405	123.172
Servicios	13.884	5.587	4.882	3.415	71.928	590.535
Segundo situación profesional						
Traballador por conta propia	8.186	3.598	2.144	2.444	45.068	226.972
Emprega persoal	2.349	1.077	681	591	9.691	70.761
Non emprega persoal	5.837	2.521	1.463	1.853	35.377	156.211
Asalariados	19.855	8.050	7.663	4.142	86.619	776.325
Fixo	13.003	5.387	4.930	2.686	56.449	492.698
Eventual	6.852	2.663	2.733	1.456	30.170	283.627
Outras	133	50	38	45	3.340	11.269
Axudas familiares	56	22	23	11	2.700	7.926
Membro cooperativas	77	28	15	34	640	3.343

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

o citado **cadro 2.10.** reflicte, no que respecta á comarca da Mariña Central, e en comparación coas porcentaxes de ocupación por sectores na provincia de Lugo e no conxunto de Galicia, que o peso relativo da poboación ocupada no sectores primarios, agricultura e pesca, é moi superior ó que existe no conxunto de Galicia. No que respecta á comarca da Mariña Occidental, destacan as maiores porcentaxes de ocupación dos sectores agrícola (8,6%), pesqueiro (9,9%) e industrial (21,4%), en relación ás porcentaxes de ocupación medias por sectores existente en Galicia. Finalmente, no que respecta á comarca da Mariña Oriental, destacar que o 21,4% da poboación ocupada total da comarca, está integrada no sector agrícola.

Asemade, como se recolle no **anexo 4 (a, b, c e d)**, se a análise se fai a nivel municipal, a importancia relativa do número de traballadores nos sectores agrícola e pesqueiro é especialmente significativa no caso do sector agrícola nos concellos de Ourel e Trabada, co 44,4% e o

42,6%, respectivamente, de ocupados no sector sobre o total de ocupación, e no caso do sector pesqueiro destacan os concellos de O Vicedo e Burela co 19,3% e 15,3% de poboación ocupada no sector respectivamente. No que respecta ó sector industrial destacan os concellos de Cervo e Lourenzá co 32,9% e 22,1% da súa poboación ocupada no sector respectivamente; por porcentaxe de ocupación sobre o total no sector da construción destacan os concellos de Alfoz e Barreiros co 15,17% e o 14,9% da súa poboación total ocupada no citado sector respectivamente, e finalmente no que respecta a porcentaxe de ocupación no sector servicios destacan os concellos de Ribadeo e Viveiro co 59,2% e o 55% da súa poboación ocupada total no sector servicios respectivamente.

Atendendo á distribución segundo a súa situación profesional, o **cadro 2.10.** reflicte que o número total de asalariados na área funcional da Mariña Lucense no ano 2001, ascendeu a 19.855 persoas (o 70% da poboación ocupada na área funcional), o que representa o 22,9% dos asa-

lariados totais da provincia de Lugo e o 2,5% dos asalariados galegos. Os asalariados con contrato fixo representan o 65,5% dos asalariados totais (13.003 persoas) e os temporais un 34,5% (6.852 persoas), sendo estas porcentaxes do 63,5% e 36,5% respectivamente no conxunto de Galicia.

O maior número de asalariados concéntrase na comarca da Mariña Central con 8.050 persoas, o que representa o 40,5% dos asalariados totais da área funcional, a porcentaxe de asalariados fixos na comarca da Mariña Central é do 66,9%, 3,5 puntos porcentuais máis que a media de Galicia (63,4%). A comarca da Mariña Occidental presenta 7.663 asalariados, o 38,6% do total de asalariados existentes na área funcional, sendo a porcentaxe de asalariados fixos do 64,3%, 0,9 puntos porcentuais por riba da media galega. Finalmente a comarca da Mariña Oriental presenta 4.142 asalariados, o que supón o 20,9% do total de asalariados existente na área funcional, a porcentaxe de asalariados fixos é do 64,8% do total de asalariados, un punto porcentual por riba da media galega. Nas tres comarcas que compoñen a área funcional da Mariña Lucense, as porcentaxes de asalariados eventuais sobre o total de asalariados están por debaixo da porcentaxe media para o conxunto de Galicia (36,5%).

O número total de empresarios, con e sen asalariados, acadou as 8.186 persoas (o 29% dos ocupados na área funcional da Mariña), polo que o seu peso relativo no total provincial e galego foi do 18,1% e do 3,6% respectivamente. Atendendo á distribución entre empresarios con e sen

asalariados, o devandito **cadro 2.10.** amosa que 5.837 empresarios non empregan persoal (o 71,3%) e que 2.349 si o fan (o 28,7%). A comarca da Mariña Central é a que acolle un maior número de empresarios tanto con como sen asalariados, co 43,9% dos empresarios totais da área funcional.

En termos relativos, as porcentaxes de empresarios sen asalariados sobre o total de empresarios nas comarcas da Mariña Central e Oriental (70% e 75,8% respectivamente) superan a porcentaxe media galega (68,8%), mestres que na comarca da Mariña Occidental, esta porcentaxe (68,2%) é lixeiramente inferior á porcentaxe media de Galicia.

No que respecta ás axudas familiares e ós membros de cooperativas, estes ascenderon a 56 e 77 ocupados, respectivamente, o que representa o 2% e 12% do total provincial respectivamente. A nivel comarcal, no que respecta ás axudas familiares, destaca a comarca da Mariña Occidental co 41% das axudas familiares totais da área funcional, mentres que no caso dos membros de cooperativas, a comarca da Mariña Oriental con 34 individuos, acolle o 44% do total da área funcional.

No concernente á **poboación parada**, o **cadro 2.7.** amosa que esta ascendeu a 3.074 persoas, das que 2.318 xa traballaran antes e 756 persoas están á procura do seu primeiro emprego. Comparando co total provincial e galego, a área funcional da Mariña acolle o 19% do total de desempregados da provincia de Lugo e o 2,1% do total de desempregados galegos.

A comarca da Mariña Occidental con 1.318 persoas desempregadas é a que presenta unha maior cantidade de persoas nesta situación (o 42,9% do total da área funcional), cunha taxa de desemprego do 11,8%.

Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 2.8.** amosa que, ó igual que acontece para o conxunto da provincia de Lugo e para Galicia, a área funcional da Mariña Lucense presenta un volume de mulleres desempregadas superior ó dos homes. Neste senso no conxunto da comunidade autónoma o 53,9% das persoas desempregadas son mulleres, na provincia de Lugo esta porcentaxe é do 51,5%, e no conxunto da área funcional obxecto de estudio a porcentaxe ascende ó 58,6% do total de persoas desempregadas.

Este predominio do desemprego feminino, está presente nas tres comarcas que compoñen a área funcional, así na comarca da Mariña Central o desemprego feminino representa o 55,6% do total, na comarca da Mariña Occidental esta porcentaxe ascende ó 58,8%, e finalmente na comarca da Mariña Oriental a porcentaxe é do 63,2% do total.

No que respecta á **poboación inactiva** e á súa causa, o **cadro 2.7.** mostra que esta poboación ascendeu no conxunto da área funcional a 34.474 persoas (o 21% das persoas inactivas da provincia de Lugo e o 2,9% do total de inactivos da comunidade autónoma), dos que o 62,9% son mulleres (21.675 persoas).

Atendendo á causa da inactividade, o 50,5% das persoas inactivas da área fun-

cional da Mariña lucense (17.420 persoas), son persoas xubiladas. Comparada esta porcentaxe coa existente a nivel provincial, na área funcional á porcentaxe de xubilados é menor á existente na provincia de Lugo (52,2%), mentres que se a comparación se fai coa media galega (40,7%), na área funcional a porcentaxe é maior.

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 2.7.** reflicte que 13.640 persoas inactivas pertencen á comarca da Mariña Central (un 39,6%), seguíndolle en importancia en canto ó número de inactivos a comarca da Mariña Occidental con 12.744 persoas nesta situación (un 37%) e finalmente a comarca da Mariña Oriental con 8.090 individuos inactivos (un 23,5%).

• *Paro rexistrado*

Segundo os datos do **cadro 2.11.**, no que aparecen reflectidos os datos de paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia para os anos 2002 e 2003, o paro rexistrado na área funcional da Mariña lucense a 31 de decembro do ano 2003 ascendeu a 3.209 persoas desempregadas, 359 persoas máis que no ano anterior, o que significa un aumento do paro rexistrado na área funcional do 12,6%, porcentaxe superior ó incremento na provincia de Lugo (5,9%) e ó incremento no paro rexistrado no conxunto de Galicia (4,2%) no período 2002-2003.

O incremento no paro rexistrado que se observa no conxunto da área funcional, reflicte unha tendencia similar nas tres comarcas que a compoñen, neste senso o incremento do paro rexistrado na comarca

2.11.

Paro rexistrado a 31-12-2003: distribución segundo sectores de actividade económica

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construcción	Comercio e hostalería	Transporte e comunicación	Outros servicios	Sen emprego anterior
Área funcional da Mariña Lucense	3.209	131	285	2	382	707	64	1.152	486
A Mariña Central	1.155	38	118	1	154	243	22	387	192
A Mariña Occidental	1.373	76	104	1	126	299	24	546	197
A Mariña Oriental	681	17	63	-	102	165	18	219	97
Provincia de Lugo	16.496	423	1.743	25	2.277	3.424	493	5.371	2.740
Galicia	157.337	3.987	26.518	310	19.451	31.658	4.430	43.453	27.530
Área funcional / Provincia	19,5	31,0	16,4	8,0	16,8	20,6	13,0	21,4	17,7
Área funcional / Galicia	2,0	3,3	1,1	0,6	2,0	2,2	1,4	2,7	1,8

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións , Informe comarcal do mercado laboral

2.12.

Paro rexistrado a 31-12-2003: distribución segundo grupos de idade

	Total	Menores de 30 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Área funcional da Mariña Lucense	3.209	451	746	1.197	735	1.277	2.012
A Mariña Central	1.155	171	279	450	257	448	705
A Mariña Occidental	1.373	188	332	520	298	555	853
A Mariña Oriental	681	92	135	227	180	274	454
Provincia de Lugo	16.496	2.157	3.201	5.358	5.026	6.112	11.138
Galicia	157.037	20.310	29.236	49.546	43.283	64.208	107.491
Área Funcional/Provincia	19,5	20,9	23,3	22,3	14,6	20,9	18,1
Área Funcional/Galicia	2,0	2,2	2,6	2,4	1,7	2,0	1,9

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

da Mariña Central foi do 10,6% (111 persoas paradas máis) na Mariña Occidental do 11% (136 persoas paradas máis) e na Mariña Central do 19,7% (112 persoas paradas máis).

Dado o maior incremento porcentual do paro rexistrado na área funcional que o incremento rexistrado na provincia de Lugo e en Galicia, o peso porcentual do paro rexistrado na área funcional respecto á provincia de Lugo pasou do 18,3% no ano 2002 ó 19,5% no ano 2003; no que respecta ó peso porcentual en relación ó conxunto de Galicia, este pasou do 1,9% no ano 2002 ó 2% no ano 2003.

No devandito **cadro 2.11.** recóllense datos do paro rexistrado a 31 de decembro do ano 2003 desagregados por sectores de actividade económica. Destes datos dedúcese que, o igual que acontece no conxunto de Galicia e a nivel provincial, a maior parte do desemprego rexistrado nas tres comarcas da área funcional prodúcese na actividade de "outros servizos", con 1.152 desempregados, o 35,9% do desemprego total da área funcional da Mariña Lucense, seguida das actividades

de "Comercio e hostalería" con 707 desempregados, o 22% do desemprego total, e da categoría de "Sen emprego anterior" que con 486 desempregados representa o 15,1% do desemprego rexistrado no conxunto da área funcional.

En termos relativos, a Mariña Lucense acolle ó 19,5% do paro total rexistrado na provincia de Lugo e o 2% do paro total rexistrado na Comunidade Autónoma. Cómpre salienta-la importancia relativa do desemprego rexistrado na área funcional nas actividades de agricultura e pesca, que representa o 31% e o 3,3% do paro rexistrado nestas actividades no conxunto da provincia de Lugo e en Galicia respectivamente.

Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, **cadro 2.12.**, o 37,3% das persoas desempregadas da zona obxecto de estudio teñen menos de trinta anos, das que o 62,3% son mulleres. En xeral, o 63% das persoas desempregadas da área funcional analizada son mulleres (2.023), das que o 63,1% teñen máis de trinta anos.

2.13.

Beneficiarios das actuacións de orientación laboral 2002-03

	2002	2003
Area funcional da Mariña lucense	1.867	1.559
A Mariña Central	983	814
A Mariña Occidental	491	628
A Mariña Oriental	393	117
Provincia de Lugo	7.852	7.153
Galicia	68.496	67.006

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.14.

Resultado das accións de orientación realizadas 2002-03

	Área A Mariña lucense				Total Lugo	Total Galicia
	Total	A Mariña Central	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental		
CV altamente incoherente: modificado	2	2	-	-	12	146
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	1	-	1	-	9	101
Exclusión temporal programa PIL-RAI	4	2	1	1	10	69
Finalización programa PIL-RAI	49	21	23	5	156	1.530
Necesita máis orientación	89	73	16	-	263	3.654
Necesita máis orientación con urxencia	2	2	-	-	16	104
Non lle interesa buscar traballo activamente	15	15	-	-	148	1.894
O demandante non asistiu á entrevista	515	306	101	108	2.258	21.209
Orientación finalizada normalmente	1.087	502	346	239	4.330	34.954
Perfecta adecuación do seu CV	42	4	-	38	227	1.477
Precisara máis orientación, por enfermidade	8	5	1	2	39	338
Só precisa información	53	51	2	-	369	1.882
Sen facilitar	-	-	-	-	15	1.138
Total	1.867	983	491	393	7.852	68.496

	Área A Mariña lucense				Total Lugo	Total Galicia
	Total	A Mariña Central	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental		
CV altamente incoherente: modificado	1	1	-	-	10	162
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	-	-	-	-	2	30
Exclusión temporal programa PIL-RAI	-	-	-	-	4	26
Finalización programa PIL-RAI	21	7	10	4	169	2.071
Necesita máis orientación	21	13	8	-	167	1.878
Necesita máis orientación con urxencia	-	-	-	-	14	111
Non lle interesa buscar traballo activamente	9	9	-	-	125	1.406
O demandante non asistiu á entrevista	491	254	166	71	2.008	22.074
Orientación finalizada normalmente	930	448	440	42	4.215	35.209
Perfecta adecuación do seu CV	11	9	2	-	130	1.672
Precisara máis orientación, por enfermidade	7	5	2	-	38	366
Só precisa información	68	68	-	-	279	1.803
Sen facilitar	-	-	-	-	13	198
Total	1.559	814	628	117	7.174	67.006

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

Medidas activas de emprego

As medidas activas de emprego poden agruparse en catro grandes grupos: as medidas destinadas á mellora da em-

pregabilidade, as actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, as actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, e, finalmente, os programas de cooperación e escolas obradoiro.

2.15.

Movimentos e xestións nas Oficinas de Emprego da Xunta 2003

	Oficinas de emprego na área funcional da Mariña lucense					Lugo
	Total	Burela	Mondoñedo	Ribadeo	Viveiro	
Movimentos						
Altas de demanda	25.960	9.235	2.799	8.555	5.371	98.383
Baixas de demanda	25.583	9.069	2.737	8.430	5.347	97.372
Novas inscricións	1.342	387	183	469	303	5.939
Nº contratos rexistrados	18.141	8.890	1.661	4.290	3.300	68.087
	-					
Xestión						
Nº ofertas de traballo	2.279	691	343	759	486	4.812
Nº orientacións laborais realizadas	896	91	210	117	478	3.234
Nº beneficiarios PIL-RAI do 2003 citados	60	9	16	-	35	710
Paro rexistrado a 31/12/2003	3.481	918	515	1.077	971	16.496
Nº ofertas tramitadas por centros asociados da área de influencia	220	79	27	28	86	1.175
Nº demandantes asistentes a cursos de F.O.	1.443	530	206	473	234	5.395

Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego: balance de resultados

Ó longo do ano 2003 os programas de mellora da empregabilidade configúranse como unha oferta integral de servizos que se poden agrupar en medidas de formación, asesoramento e intermediación laboral. A xestión de todas estas medidas corresponde ó Servicio Público de Emprego (SPE), contando cunha rede complementaria de entidades que actúan por conta do SPE e baixo a súa coordinación.

O número de beneficiarios das **actuacións de orientación laboral** na área funcional da Mariña lucense, **cadro 2.13.**, ascendeu a 1.559 persoas no ano 2003 (un 16,5% menos que no ano 2002), o que representa o 21,8% dos beneficiarios totais da provincia de Lugo e o 2,3% dos beneficiarios galegos destas medidas. A distribución dos beneficiarios destas actuacións por comarcas, mostra como é a comarca da Mariña Central onde se localizan un maior número con 814 beneficiarios no ano 2003, o que supón o 52,2% dos beneficiarios totais da área funcional no citado ano.

O **cadro 2.14.** reflicte que do total

das citadas 1.559 actuacións efectuadas no conxunto da área funcional no ano 2003, o 59,6% (930 actuacións) corresponde a orientacións que finalizaron normalmente, mentres que o 31,5% (491 actuacións) son aquelas nas que o demandante non asistiu á entrevista.

A comarca da Mariña Central acolleu un total de 814 beneficiarios, seguida da Mariña Occidental con 628 beneficiarios e, finalmente da Mariña Oriental con 117 beneficiarios. Nas comarcas da Mariña Central e Occidental, as orientacións que finalizaron normalmente e as actuacións nas que o demandante non asistiu á entrevista son as actuacións máis importantes, fronte á comarca da Mariña Central onde o 60,9% das actuacións se corresponden con accións nas que o demandante non acudiu á entrevista.

En relación ós datos rexistrados nas **oficinas de emprego da Xunta** de Galicia no ano 2003, destacar en primeiro lugar que na área funcional da Mariña lucense existen catro oficinas de emprego da Xunta de Galicia localizadas nos concellos de Burela (ámbito xeográfico

2.16.

Programación FIP 2003: cursos, alumnos e orzamentos

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en miles de €)
Área funcional da Mariña lucense	65	997	1.417,8
Provincia de Lugo	274	4.362	7.314,6
Galicia	1.454	23.370	42.902,6

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego: balance de resultados

Alfoz, Burela, Cervo, O Valadouro e Xove), Mondoñedo (ámbito xeográfico Abadín, Lourenzá, Mondoñedo, A Pastoriza e Riotorto), Ribadeo (ámbito xeográfico Barreiros, Foz, A Pontenova, Ribadeo e Trabada) e Viveiro (ámbito xeográfico Mural, Ourel, O Vicedo e Viveiro).

O **cadro 2.15.** mostra como das 98.383 altas de demanda rexistradas na provincia de Lugo, 25.960 pertencen á área funcional obxecto de estudio (o 26,4%), e das 97.372 baixas de demanda da provincia de Lugo, 25.583 pertencen á Mariña lucense (o 26,8%). Nese ano rexistráronse un total de 18.141 contratos no conxunto da área funcional, o que supón o 26,6% do total de contratos rexistrados no citado ano no conxunto da provincia de Lugo.

No concernente á xestión nestas oficinas, en 2003 rexistráronse un total de 2.279 ofertas de traballo na área funcional da Mariña lucense, (o 47,4% do total da provincia de Lugo), das que a oficina de Ribadeo acolle o 33,3% das mesmas (759 ofertas de traballo), seguida da oficina de Burela con 691 ofertas e da de Viveiro con 486 ofertas, sendo a oficina de emprego da área funcional con menos ofertas de traballo a de Mondoñedo con 343 ofertas ó longo do ano 2003.

O devandito **cadro 2.15.** mostra que en 2003, os centros asociados da área de influencia das oficinas pertencentes á área funcional da Mariña lucense, tramitaron un total de 220 ofertas (o 18,7% das tramitadas por estes centros na provincia de Lugo), das que 86 corresponden á oficina de Viveiro e 79 á oficina de Burela, sendo as oficinas de Ribadeo e Mondoñedo as que menos ofertas tramitaron, con 28 e 27, respectivamente.

O número de demandantes asistentes a cursos de formación ocupacional na área obxecto de estudio ascendeu en 2003 a 1.443 persoas (o 26,7% do total da provincia de Lugo), dos que 530 pertencen a Burela, 473 á oficina de Ribadeo, 234 a Viveiro e 206 a Mondoñedo.

No que se refire á programación FIP na área da Mariña lucense, **cadro 2.16.**, ó longo do ano 2003 realizáronse un total de 65 cursos ós que asistiron 997 alumnos, cunha media de 15,3 alumnos por curso (16 alumnos de media por curso no conxunto de Galicia). O orzamento deste cursos acadou os 1.417,8 miles de euros, o que representa o 19,4% e o 3,3% do orzamento total da provincia de Lugo e de Galicia respectivamente para estes cursos.

No marco das **actuacións para o fo-**

2.17.

Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2003

	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
Área funcional da Mariña lucense	266	797,3
Provincia de Lugo	1.854	6.022,0
Galicia	10.208	36.853,9

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.18.

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2003

	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
Área funcional da Mariña lucense	269	1.012,4
Provincia de Lugo	1.462	5.128,0
Galicia	7.468	26.352,0

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.19.

Programas de cooperación e escolas obradoiro 2003

	Programas de cooperación		Escolas obradoiro	
	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
Area funcional da Mariña lucense	289	2.194,6	202	2.037,0
Provincia de Lugo	1.367	11.006,4	1.015	7.800,0
Galicia	7.584	58.444,4	4.196	33.669,3

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

mento do emprego e da estabilidade laboral, **cadro 2.17.**, na área funcional da Mariña lucense beneficiáronse un total de 266 traballadores, o que representa o 14,3% do total de beneficiarios da provincia de Lugo e o 2,6% do total de Galicia. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 797,3 miles de euros, sendo o seu peso relativo no investimento total galego do 2,7% (o 13,3% no total provincial).

As medidas de fomento do emprego

e da estabilidade laboral complétanse con medidas e axudas a novas iniciativas e outras fórmulas empresariais englobadas baixo o concepto de economía social. No ano 2003, na área funcional da Mariña lucense beneficiáronse das axudas ó desenvolvemento da economía social e do autoemprego un total de 269 persoas, sendo o investimento neste tipo de actuacións na área de 1.012,4 miles de euros. Comparado co total provincial e galego, no ano 2003 a Mariña lucense acolle ó 38,9% e ó 3,6% dos beneficiarios da provincia de

Lugo e Galicia respectivamente, sendo estas porcentaxes do 19,7% e do 3,8% no caso do investimento realizado.

Finalmente no que ós **programas de cooperación e escolas-obradoiro** se refire, o **cadro 2.19.** reflicte que dos programas de cooperación beneficiáronse 289 persoas na área funcional, programas ós que se destinou un investimento de 2.194,6 miles de euros, mentres que os beneficiarios das escolas-obradoiro no ano 2003 na área funcional ascenderon a 202 cun investimento de 2.037 miles de euros. ■